

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- Núm. 13

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día TRINTA E UN de OUTUBRO de 2018, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

- 1.- **Actas anteriores:** (ordinaria (agosto) do 5.09.2018 e extraordinaria do 5.09.2018).
- 2.- Comparecencia de D^a Regina Ibañez Paz, en representación de FOANPAS, para expoñer un documento elaborado polo grupo de traballo de zonificación escolar. (Rexistro Pleno 1894/1101).

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 3.- Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas previstas nas leis, correspondente ao 3^o trimestre do 2018. Expte. 20460/541 (Rexistro Pleno 1886/1101).

URBANISMO

- 4.- Aprobación inicial da modificación da Ordenanza Urbanística Reguladora da Publicidade Exterior no termo municipal de Vigo. Expte. 93738/421 (Rexistro Pleno 1797/1101).
- 5.- Declaración da obra de construción dunha escola infantil para nenos de 0 a 3 anos no Concello de Vigo, como de interese municipal. Expte. 11010/407 (Rexistro Pleno 1895/1101)

Mocións:

- 6.- Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando ao Consorcio Zona Franca de Vigo a manter o seu compromiso de participación na creación do Centro de Innovación Tecnolóxica e de Emprendemento na Formación Profesional en Vigo. Rexistro Pleno 1897/1101.
- 7.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a dotar a partida correspondente que permita a construción do Centro

de Saúde de Bouzas, así como o cesamento do conselleiro de Sanidade por mentir aos cidadáns de Vigo. Rexistro Pleno 1899/1101.

- 8.-** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a deixar o boicot a Vigo apoiando o proxecto de ubicación e construción da Biblioteca Pública do Estado nos terreos municipais anteriormente previstos para a ampliación dos xulgados. Rexistro Pleno 1900/1101.

PARTE DE CONTROL

- 9.-** Dar conta de resolucións da Alcaldía. Expte. 456/1102 (Rexistro Pleno 1892/1101).
- 10.-** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as. Expte. 457/1102 (Rexistro Pleno 1893/1101).
- 11.-** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20.09.18, modificando outro acordo de data 19.06.2015, de delegación de competencias nos concelleiros/as de área en materia de Contratación. Expte. 430/1102 (Rexistro Pleno 1891/1101).

Mocións.

- 12.-** Moción do grupo municipal de Marea, instando iniciar a elaboración dunha proposta de Regulamento para a implantación no noso municipio dos Orzamentos municipais participativos, así como a articulación dos mecanismos necesarios. Rexistro Pleno 1896/1101.
- 13.-** Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando a comparecencia do alcalde para dar conta das decisións do seu goberno que levaron á quebra o Auditorio Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, cunha indemnización pagada cos impostos dos vigueses/as. Rexistro Pleno 1898/1101.

14.- Formulación de rogos.

15.- Formulación de preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás

NOVE HORAS do día TRINTA E UN, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.
am

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez

Vigo, data sinatura electrónica
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,
José Riesgo Boluda.